



## EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 28 de xaneiro de 2019

Sras./Sres. Asistentes:

### **ALCALDE-PRESIDENTE**

D. ALBERTO VARELA PAZ

#### Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
D. ARGIMIRO SERÉN MERA  
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO  
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN  
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ  
DONA SONIA OUTÓN CASAL

#### Lista de no Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

### **SECRETARIA**

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

### **INTERVENTORA**

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 28 de xaneiro de 2019 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 21/01/2019, que se aprobou por unanimidade.

## **Propuestas**

### **ASUNTOS DE REXIME INTERIOR**

#### **PRP2019/451**

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunicase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 28 de xaneiro de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 28 de xaneiro de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

#### **a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:**

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	B94040524	9.272,64 €	28/01/2019	SÍ
CARLIN PAPELERÍA, S.L.	B36492635	426,69 €	28/01/2019	SÍ
CRISTALERIA RIAS BAIXAS S.L.	B94054913	1.646,21 €	28/01/2019	SÍ
LOBATO SANCHEZ, XURXO	32417795P	2.178,00 €	28/01/2019	SÍ
LOBATO SANCHEZ, XURXO	32417795P	1.054,56 €	28/01/2019	SÍ
MADERAS J. REDONDO, S.L.	B36158897	1.320,04 €	28/01/2019	SÍ
NEW LIVE PROMOCIONES	B94136066	18.125,80 €	28/01/2019	SÍ



CULTURALES, S.L.  
OFTEFOR, C.B.

E36418283

847,00 €

28/01/2019

SÍ

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/383**

Dáse conta de escrito presentado por **CD FINCAS SL** solicitando o cambio de prazos para a presentación no Concello da solicitudes de reservas de espazo.

Visto o informe da Policía Local, no que se indica que a Ordenanza Municipal de Circulación, no seu artigo 65.5, di:

*ARTIGO 65. RESERVAS DE ESPAZO EVENTUAIS*

5).—As autorizacións solicitaranse, polo menos, con 7 días de antelación ó día en que se realice a reserva de espazo, debendo indicar o motivo ou a circunstancia pola cal se solicita e xustificar o devandito extremo mediante a oportuna licenza ou outro documento se é o caso.

Entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa, no modelo que será facilitado pola administración municipal. unha vez recepcionado polo órgano competente, e tras o seu estudo e avaliación procederase á súa concesión ou denegación, que deberá ser motivada.

Co fin de axilizar a xestión administrativa destas autorizacións, aquelas que teñan carácter de urxencia, poderán ser cursadas directamente nas dependencias da Policía Local, polo menos con 48 horas de antelación ó día da realización da reserva.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non se pode modificar o prazo ordinario con carácter xeral, pero si xustificadamente as que teñan carácter urxente, para as que a ordenanza establece un prazo de 48 horas de antelación.

#### **PRP2019/384**

Dáse conta do escrito presentado por **D. Gerardo García Barreiro**, de queixa pola duración do tempo de estacionamento dun vehículo nunha praza para persoas con tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en Praza Ravella.

Dáse conta do informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle ao Sr. García Barreiro que se estudará a conveniencia de modificar a Ordenanza Municipal de Circulación, coa finalidade, no seu caso, de fixar un tempo de estacionamento nas prazas citadas.

#### **PRP2019/385**

Vista a proposta do Servizo do Arquivo Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Carlín Papelerías SL Pontevedra** para o subministro de carpetas destinadas á conservación dos fondos documentais do Arquivo para facilitar a conservación e manipulación dos expedientes susceptibles de ser prestados, por un importe total de 426,69 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22000:

- 15 carpetas de gomas de 3 cm.
- 25 carpetas de gomas de 5 cm
- 45 carpetas de gomas de 7 cm
- 45 carpetas de gomas de 9 cm.
- 30 carpetas de gomas de 12 cm.
- 20 carpetas de cartón
- 2 ud. De clasificación en acordeón.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



#### **PRP2019/386**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Ana Vanesa Cea Framil**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 2 de febreiro coa instalación dun “photocall (panel publicitario de 4 m. de longo), con motivo da próxima apertura de establecemento comercial.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2019/387**

Dáse conta do escrito da **Confradía de Pescadores Santiago Apostolo de Carril**, solicitando permiso para instalación de carteis coa mensaxe “PROHIBIDO MARISCAR” na praia Compostela. Vistos as autorizacións do Servizo Provincial de Costas e da Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, comunicando á confradía que deberá poñerse en contacto co departamento de comunicación do Concello aos efectos de establecer as dimensións de ditos carteis e a estética.

#### **PRP2019/388**

Dáse conta de recurso de reposición presentado por **Dona Rosa María Tourís García** contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xullo de 2018 en relación coa sinalización da Travesía Pablo Picasso no que mostra a súa disconformidade coas medidas acordadas e adoptadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se levarán a cabo controis de velocidade na zona co radar, a fin de que se cumpra coa limitación de velocidade de 30 km/h.

#### **PRP2019/390**

Dáse conta de escrito presentado por D. José Luis Vilanova, como Presidente da **Federación Comarcal de Empresarios de Arousa – FECA** manifestando a preocupación en relación á futura supresión do tráfico pesado pola Avda. Rosalía de Castro e solicitando unha entrevista co Alcalde para tratar o asunto.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se remita a FECA o acordo plenario de data 29 de novembro de 2018 en relación con este asunto, de aprobación da moción presentada polos grupos municipais de EU e Somos Maioría, coa emenda do grupo municipal do PP.

Con respecto á solicitude de entrevista, comunícaselle que deberá poñerse en contacto co Gabinete da Alcaldía aos efectos de fixar data e hora da mesma.



#### **PRP2019/391**

Vista a solicitude de Dona María de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de **Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía de Arousa**, e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle o uso da Praza da Peixería os días que a seguir se indican, para a celebración de mercados benéficos, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

- Abril: 4, 5, 6 e 7
- Xullo: 4, 5, 6 e 7
- Outubro: 3, 4, 5 e 6
- Decembro: 5, 6, 7 e 8

Deberán cumprir as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será responsabilidade do solicitante o control de aforo.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Acórdase así mesmo colaboración municipal coa cesión de 40 mesas, 10 cadeiras, megafonía. Dar conta ao Servizo de Policía Local aos efectos do correspondente informe de ocupación de vía pública solicitada.

**A presente autorización concédese en precario e condicionada a que por parte do Concello se programe algunha actividade na citada Instalación.**

#### **PRP2019/392**

Dáse conta do escrito presentado por Dona M<sup>a</sup> de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación da **Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, os días 9 de febreiro (de 10 a 15 horas) e 2 de marzo (de 10 a 20 horas) para captación de socios, así como a cesión de carpa, 4 mesas e 4 cadeiras, e conexión eléctrica.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.



- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

#### **PRP2019/393**

Vista a solicitude de D. Carlos Álvarez Puga, en representación de **Asociación Micolóxica de Vilagarcía de Arousa**, e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle o uso da Praza da Peixería os días 15, 16 e 17 de novembro, para a celebración do XXVII Outono Micolóxico 2019 (montaxe e celebración da Festa dos Cogomelos), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberán cumprir as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será responsabilidade do solicitante o control de aforo.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Acórdase así mesmo colaboración municipal coa cesión de 20 mesas altas de tarima, 30 mesas normais de madeira, 40 cadeiras, megafonía.

Dar conta ao Servizo de Policía Local aos efectos do correspondente informe de ocupación de vía pública solicitada.

**A presente autorización concédese en precario e condicionada a que por parte do Concello se programe algunha actividade na citada Instalación.**

#### **PRP2019/394**

Dáse conta do escrito presentado por D. Francisco Antonio Alcalde García, Presidente do **Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia**, solicitando autorización para instalar unha food track dende as 10 ata as 13 horas, na zona do mercado, os días 12 ou 19 de febreiro co fin de promocionar o Mexillón de Galicia.

Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para o día 19 de febreiro de 2019, debendo axustarse ás seguintes condicións:



- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá cumprir os requisitos que como establecemento de venda ambulante e de hixiene por venda de alimentos sexan requiridos e que establece a lei de Comercio 13/2010 de Galicia.

**Deberá poñerse en contacto co Servizo de Mercados a fin de que lle indique o lugar idóneo para a súa colocación.**

#### **PRP2019/450**

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Maria Nieves Rey Durán**, comunicando a realización dunha concentración e manifestación pacífica de apoio ao Presidente Interino de Venezuela, o día 23 de xaneiro, de 19 a 21 horas, na Praza da II República.  
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS**

#### **PRP2019/403**

Dáse conta de informe da Inspectora Principal Xefa da Policía Local en relación coa situación do cadro de persoal do Servizo de Policía Local, no que se indica:

- Axentes en activo: 35.
- Segunda actividade: 1
- xubilacións nos meses de xaneiro e febreiro: 4
- Incorporacións previstas: 2 novos policías en proceso de selección pola AGASP.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL**

#### **Benestar Social**

#### **PRP2019/421**

Dáse conta da resolución de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios Municipais (PLAN CONCERTADO 2018) en concepto de persoal e SAF Básico.

Total asignado: 142.435,65 €

Remanente: 16.815,00 € (educadora social)

Total asignado descontado remanente: 125.620,65 €

- 1º Anticipo xa librado no 1º cuadrimestre: 70.325,19 €

- Liquidado a percibir (2º anticipo): 55.295,46 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.



#### **PRP2019/422**

Dáse conta de certificación emitida pola Xefatura Territorial de Traballo e Benestar de Vigo en relación co pagamento do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao 4º trimestre do ano 2018, coa seguinte desagregación:

- Mes de outubro: 32.032,80 €
- Mes de novembro: 35.071,40 €
- Mes de decembro: 38.796,25 €

Regularizacións do/s período/s 01/07/2018 ao 30/09/2018: -6.596,63 €

Total nómina neta 4º trimestre: 105.244,09 €

Regularizacións proxecto anual: 1.148,95 €

Total devengado: 104.095,14 €

A Xunta de Goberno queda sabedora.

### **Emprego**

#### **PRP2019/404**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego “Forme 18 Concello de Vilagarcía”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Maderas J. Redondo SL**, por un importe total de 1.320,04 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199, para o subministro de material (taboleiros) para a elaboración de mobiliario destinado á Biblioteca Municipal por parte da especialidade de Traballos de Carpintería e Moble do citado Obradoiro de Emprego.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/405**

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria, dunha subvención total de 54.000 €, dentro do Programa de Fomento do Emprego e Mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais 2019, para a contratación de 12 traballadores/as desempregados/as durante tres meses, para o Servizo de Salvamento e Socorrismo 2019, cunha aportación municipal de 2.855,16 €, con cargo á partida 241.131.

## **ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **Educación**

#### **PRP2019/424**

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, con motivo do Día de Rosalía, que se conmemora o 24 de febreiro, está prevista a realización dunha exposición bibliográfica das súas obras e dos estudos críticos e bibliográficos existentes nos fondos da Biblioteca, completando a exposición con dous paneis que fan un percorrido pola vida e obra da escritora.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso do vestíbulo de exposicións da Casa de Cultura para a exposición “Rosalía de Castro”, que permanecerá aberta dende o 1 de febreiro ata o 23 de marzo, en horario de 9 a 21 horas, de luns a venres, e os sábados de 9 a 14 horas.

#### **PRP2019/425**



Dáse conta de informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música de subsanación de documentación remitida á Deputación Provincial de Pontevedra, referida á Memoria descriptiva e valorada da solicitude de subvención para o II Festival internacional de Música Clasclas ó abeiro das Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan concellos 2019) enmarcado na Base Oitava, Liña 2,4: Realización de actividades culturais, deportivas, sociais, educativas, etc. , por un importe de 30.654,58 e e un orzamento de gastos de 31.000,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **Medio Ambiente**

#### **PRP2019/429**

Dáse conta da publicación no DOG nº 13, de 18 de xaneiro, de Instrución 1/2019, do 7 de xaneiro, de Augas de Galicia, para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario, que indica:

III. Criterios relativos a actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial en tramos urbanos.

Con carácter xeral, as actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial deberán ser executadas polas entidades locais, en aplicación da sentenza do Tribunal Supremo nº 1962/2017 que interpreta o artigo 28.4 da Lei 10/2001, de 5 de xullo, que aproba o Plan hidrolóxico nacional (LPHN) , no sentido de declarar que corresponde aos concellos a realización de actuacións de mantemento e limpeza dos leitos públicos que discorren polas zonas urbanas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/430**

Dáse conta da publicación no DOG nº 16, de 23 de xaneiro de 2019, da Orde do 21 de decembro de 2018, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos Concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes, para o ano 2019.

A axuda económica será o 80% do investimento subvencionable, co límite máximo de 96.800,00 € por Concello (IVE incluído) ata o esgotamento do crédito, e o prazo de presentación das solicitudes será de un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no DOG.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2019/453**

Dáse conta da publicación no DOG do día 31 de decembro de 2018, da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude da mencionada subvención na liña de concorrencia competitiva para o proxecto de mellora de eficiencia enerxética na luz pública consistente en actuacións de renovación alumeadado en varias rúas do Concello (avda. da Mariña, rúa Castor Sánchez, rúa Castelao, rúa Vista Alegre, rúa Covadonga, Praza de Galicia, rúa Alcalde Rey Daviña e rúa





Méndez Núñez), segundo o proxecto que se achega, por un importe de 39.999,54 € (IVE incluído), sendo o máximo subvencionado o 80% do proxecto, polo que o Concello tería que achegar 7.999,91 € como mínimo, dependendo da porcentaxe que concedan e sempre en función do que resulte do procedemento de licitación.

Así mesmo o Concello acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatorio da subvención. (partida 165.213)

#### **PRP2019/454**

Dáse conta da publicación no DOG do día 31 de decembro de 2018, da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude da mencionada subvención na liña de concorrencia non competitiva para a realización de actuacións incluídas no proxecto de “Mellora do Bombeo de Cea e impulsión de augas residuais e conexión de colector na Rúa Sobrerrial en Cea”, cun orzamento total de 91.948,92 €, sendo o importe máximo da subvención de 12.176,37 € asumindo o Concello a diferenza, en función do que resulte do procedemento de contratación.

Así mesmo o Concello acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria da subvención. (partida 161.61900)

Finalmente faise constar que para a obra citada na XGL de 2 de xullo de 2018, solicitouse subvención con cargo aos orzamentos xerais do Estado na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. Ante a imposibilidade de execución das obras no prazo que remataba o 28 de decembro de 2018, solicítase de novo financiamento para a súa execución con cargo á presente liña de axudas.

## **ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE**

### **Consumo**

#### **PRP2019/433**

Dáse conta de escrito do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, no que remite certificación da Sentenza nº 243/2018, ditada en autos do Procedemento Abreviado nº 129/2017 MS, na que se estima o recurso presentado por Dona María Josefa Rodríguez Otero, motivado pola reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos sufridos no vehículo 2190HNC debido á existencia dun badén defectuoso no lugar de Vilaxoán, fronte ao edificio do Intecmar, no sentido de condenar á Xunta de Galicia ao pago dunha indemnización de 225,86 €, incrementada no IPC dende a data da presentación da reclamación en vía administrativa, desestimando o recurso respecto do Concello de Vilagarcía de Arousa, por tratarse dunha vía titularidade de Portos de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

## **ASUNTOS DE CULTURA**

#### **PRP2019/436**

Vistas as propostas da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno local acorda adxudicar a **D. Xurxo Lobato Sánchez**, a programación e realización da exposición “Airiños Aires, rosalia”, na Sala Rivas Briones, do 1 de febreiro ao 8 de marzo, por un importe total de 3.232,56 €, coa seguinte desagregación:

- Aluguer e instalación da exposición: 2.178,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22631.



- Subministro de 65 exemplares do libro da exposición, no que están contidas todas as imaxes da mostra fotográfica: 1.054,56 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22637.  
Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/437**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Cristalería Rías Baixas SL** para o subministro de 6 vitrinas acristaladas para as salas de exposicións municipais, por un importe total de 1.646,21 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.215.  
Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2019/438**

Vista a solicitude de **Harpazul Producións SL**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 9 de marzo de 2019, durante todo o día, con motivo da actuación de Roi Casal co seu espectáculo "Son Galego, Son Cubano" debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

O prezo de entrada anticipado é de 12 € adultos e 6 € nenos/a (de 3 a 12 anos) e un prezo de taquilla de 15 € adultos e 8 € /nenos/as, realizando a venda de entradas a través da canle Ticketea.com e encargándose da xestión da mesma a propia produtora. A recadación da mesma será para a entidade solicitante.

Deberá aportar copia compulsada do último recibo aboado do seguro de responsabilidade civil, con 72 horas de antelación á celebración do evento.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Salón de Actos do Auditorio: 1 día, 264,70 €

- Responsable de Sala: 9 horas (estimativas), a 10,20 €/hora: 91,80 €

TOTAL: 356,50 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

#### **PRP2019/439**

Vista a solicitude de D. José Luis Sanz Acosta, en representación de **ACM Sociedad Filarmónica de Vilagarcía**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, para a celebración de varios concertos, durante o primeiro semestre de 2019, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal:



- 26 de xaneiro: Gala Lírica a cargo da Soprano Leonor Bonilla e Carlos Aragón ao piano.
  - 9 de febreiro: Dúo de violín e violonchelo a cargo de ori Wissner-Levy (violín) e Mon Pou Lee (violonchelo)
  - 15 de marzo: Dúo de fruta e piano a cargo de Vicenç Prats (fruta) e Jordi Torrent (piano).
  - 27 de abril: Trio de óboe, clarinete e piano a cargo de iria Folgado (óboe) Dana Barak (clarinete) Daria Kameneva (piano)
  - 24 de maio: Dúo de violín e piano a cargo de Ye Eun Choi (violín) e Susana Gómez (piano)
- Deberá aportar recibo de aboamento da póliza do seguro de responsabilidade civil actualizado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

*. O prezo das entradas será de 18 € para o público en xeral e gratuíto para as/os socias/os da Asociación e a recadación da súa venda para a entidade organizadora.*

#### **PRP2019/440**

Vista a solicitude de D. José Luis Sanz Acosta, en representación de **ACM Sociedad Filarmónica de Vilagarcía**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 1 de febreiro de 2019, en horario de 20:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha Xunta Xeral Ordinaria e Extraordinaria, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

#### **PRP2019/441**

Vista a solicitude de D. Javier Marqués solla, en representación de **Cine Club Ádega**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, nos días que se indican, con motivo da proxección de diversas películas durante o primeiro semestre do ano 2019 (9 e 23 de xaneiro; 6 e 20 de febreiro; 6 e 20 de marzo, 10 e 24 de abril; 8 e 29 de maio; 5 e 19 de xuño; 10 de xullo; semana do 27 de xullo ao 2 de agosto para a Semana do Cine), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios



segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

*Esta actividade será de carácter gratuito para as/os socias/os da asociación e os restantes espectadores farán un donativo de 4 €.*

#### **PRP2019/442**

Vista a solicitude de D. Francisco Javier Marqués Solla, en representación de **Cine Club Ádega**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 13 de febreiro, en horario de 20:00 a 22:00 horas, para a celebración dunha asemblea anual ordinaria, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

#### **PRP2019/443**

Vista a solicitude de D. Marcos Calvo González, en representación de **La Rock Entertainment SLU**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 31 de marzo, durante todo o día, para a celebración do espectáculo CANTAJUEGOS, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

O espectáculo terá un prezo de entrada de: Fila 1 (par e impar) 20 €; Zona A: 19 €; Zona B: 18 €; Zona C: 17 € (nestes prezos non está incluído o gasto de xestión). A venda de entradas será a través da canle Ticketea.com e a recadación obtida da mesma, será para a entidade solicitante.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	<b>DÍAS-HORAS</b>	<b>PREZO DÍA/HORA</b>	<b>IMPORTE</b>
Salón de Actos do Auditorio	1 día	264,70 €	264,70 €
Responsable de Sala	14 Horas (estimativas)	10,20 €	142,80 €
2 Operarios	14 horas (estimativas) x 2 operarios = 28 horas	10,20 €	285,60 €
2 persoas para taquillas	9 horas x 2 persoas = 18 horas	10,20 €	183,60 €
<b>TOTAL</b>			<b>876,70 €</b>

Dar conta ao Departamento de Rendas.



#### PRP2019/444

Vista a solicitude de D. Lluís Rovira Yagüez, en representación de **TranseducaAcció Educativa SL**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal os días 22 e 30 de xaneiro e 22 de febreiro de 2019, durante todo o día, para as representacións teatrais: “Prêt-à-porter”, La Casa de Bernarda Alba” e “Entremeses” debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

. O prezo das entradas será de 6,10 € para todas/os alumnas/os e a recadación da súa venda para a entidade organizadora.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	DÍAS-HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE
Salón de Actos do Auditorio	3 días	264,70 €	791,10 €
Responsable de Sala	7 Horas (estimativas) x 3 días = 21 horas	10,20 €	214,20 €
1 operario	7 horas (estimativas) x 3 días = 21 horas	10,20	214,20 €
TOTAL			1.222,50 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

#### PRP2019/445

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado **BATA Servicios Integrales a la Comunidad, S.L.**, para reparto de material publicitario das actividades de carácter cultural durante o ano 2019, por importe de 2.584,00 €, con cargo á partida 334.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### PRP2019/446

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o gasto para celebrar no Salón García, dentro do ciclo “Achégate ó Salón”, unha serie de concertos a cargo da Compañía **New Live Promociones Culturales, S.L.**, sendo o prezo das entradas de 9 € para adultos, 3 € para menores de 16 anos e gratuíto para desempregados, poñendo así mesmo un abono para o ciclo completo por importe de 20 € e a recadación da venda de entradas para o Concello, sendo tamén a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto que puidese corresponder por esta actuación. Será a cargo do Concello o pago de cantos impostos, arbitrios, taxas, cotizacións, dereitos de autor, dereitos de interpretación, etc. se orixinen ou devenguen como consecuencias da celebración dos concertos.



Acórdase a sinatura do contrato correspondente coa citada Compañía, con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

DÍA	CONCERTO	IMPORTE
24-02-2019	JOE CREPUSCULO	4.658,50 €
24-03-2019	SOLEA MORENTE	6.352,50 €
14-04-2019	MIKEL ERENTXUN	7.114,00 €

## ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

### PRP2019/447

Dáse conta de escrito do **Director Xeral do Agader** informando que no DOG do 30 de xaneiro de 2019 se publicará a Resolución do 28 de decembro de 2018 para a concesión directa mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de Camiños Municipais, Convocatoria 2019-2020, sendo o prazo para a presentación das solicitudes ata o 28 de febreiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### PRP2019/448

Dáse conta do seguinte informe da Secretaria Xeral do Concello:

O día 9 de marzo de 2019 finaliza a última das prórrogas das que dispón a Empresa **SERVIOCIO, Cultura, Deporte y Recreación, S.L.** para a xestión da piscina cuberta e climatizada de Fontecarmoa, dándose así por rematada nesa data a concesión, polo transcurso dos 15 anos de xestión e vista a necesidade de continuar prestando o servizo, informase que a Xunta de Goberno Local, decida sobre a necesidade de comunicar á Empresa **Serviocio, Cultura, Deporte y Recreación, S.L.** a continuidade na xestión da piscina cuberta e climatizada de Fontecarmoa nas condicións que viña prestando o servizo ata agora coa única excepción de que a FPSDM deixará de aboar a empresa citada, a cantidade de 3.500,00€, en concepto de pago pola prestación das actividades da FPSDM, en base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 28 de novembro de 2016.

De conformidade co artigo 35 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (aprobado polo RDL 3/2011 de 14 de novembro), como o actual artigo 42 da Lei 9/2017, 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no que se dispón que se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise o grave trastorno para o servizo público poderá dispoñerse a continuación do contrato baixo as mesmas cláusulas ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo.

Polo tanto a Xunta de Goberno Local acorda comunicar á Empresa **Serviocio, cultura, Deporte y Recreación SL** a necesidade da continuidade do devandito contrato ata a aprobación do prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán a licitación do Servizo así como durante o tempo necesario para a súa tramitación posterior e posta en funcionamento dun xeito efectivo por parte da nova empresa adxudicatária do servizo, e polo tanto se levaría a cabo a continuidade transitoria baixo as mesmas cláusulas do contrato vixente, ata a adxudicación do novo contrato.

Dar conta do presente acordo a **Serviocio, Cultura, Deporte y Recreación, S.L.** e a **FPSDM**.

### PRP2019/449

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **OFTEFOR CB**, por importe de 847,00 € (IVE incluído) para a realización dos traballos de topografía previos e necesarios para a redacción do proxecto técnico de “Mellora de Camiño Veciñal en O Vento – Cea”, con cargo á partida 150.22706.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS PRP2019/519**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de decembro de 2018, por un importe total de 4.290,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	110	660,00
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	6	110	660,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	6	110	660,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	2	110	220,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	2	110	220,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	1	110	110,00
D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	2	110	220,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	1	110	110,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	2	110	220,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	2	110	220,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	2	110	220,00
D. XOXÉ LOIS LEIRÓS GUDE	1	110	110,00
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	2	110	220,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	2	110	220,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220,00
<b>TOTAL</b>			<b>4.290,00</b>

### **PRP2019/520**

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de decembro de 2018, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.